

XXX

Reclamante: XXX
Expediente. Nº **RSCTG 151/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 8 de maio de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día Haga clic aquí para escribir una fecha., adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 8 de maio de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia con data 30 de marzo de 2023, de acceso ás actas do “comité de seguimento” entre a Xunta e Ence sobre o Plan Social co que a empresa subvenciona actividades deportivas, económicas, educativas, culturais, veciñais ou de loita contra a exclusión.

XXX indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 12 de maio de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 20 de setembro de 2023 a Consellería contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude foi obxecto de contestación en virtude de escrito da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental con data do 18 de setembro de 2023.

A demora producida na contestación está motivada por que no Pacto Ambiental asinado no mes de xuño de 2016, se recollía a creación da figura do “Comité de seguimento” en orde a efectuar o control do grao de execución do pacto e convenio así como das medidas executadas pola empresa en cumprimento dos mesmos, pero non se estableceu a obrigatoriedade de recoller en acta o contido das xuntanzas que se produciran no seo do comité, de maneira que, a ausencia de tales documentos, determinou a dificultade de facer un control e recabamento puntual das circunstancias acaecidas no seo do Plan Social, de xeito que houbo que facer un recabamento global, agardando á recompilación de todos os datos existentes ao respecto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 237 da Lei 1/2016, do 13 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 237.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 13 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 13 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece a Lei, senón que resolveu unha vez presentada a reclamación por parte de XXX, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou acceso ás actas do comité de seguimento entre a Xunta e Ence sobre o Plan Social co que a empresa subvenciona actividades deportivas, económicas, educativas, culturais, veciñais ou de loita contra a exclusión.

A Consellería non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero ditou resolución expresa que notificou á persoa interesada con posterioridade a que esta presentase reclamación ante esta Comisión, facilitándoselle o acceso á información.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente Reclamación, sen prexuízo de que si XXX o estima conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por XXX con data do 8 de maio de 2023, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia con data 30 de marzo de 2023, de acceso ás actas do “comité de seguimento” entre a Xunta e Ence sobre o Plan Social co que a empresa subvenciona actividades deportivas, económicas, educativas, culturais, veciñais ou de loita contra a exclusión.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/19937, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.